

Convocatoria de subvencións dirixidas a todo interesado maior de idade para participar no CONCURSO DE CARTEIS ANUNCIADORES DA 47ª FESTA DO QUEIXO 2022.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase o extrato da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base Nacional de Subvenciones.

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios de ditas subvencións todas as persoas maiores de idade de calquera nacionalidade.

Segundo. Finalidade.

Elexir a imaxe que anunciará a 47ª edición da Festa do Queixo a celebrar a primeira fin de semana do mes de marzo de 2022, co obxectivo de facer participativo tanto o proceso de creación como de elección dos carteis

Terceiro. Bases reguladoras.

As bases encóntranse publicadas na páxina web do Concello [www.arzua.gal](http://www.arzua.gal)

Cuarto. Importe.

Destinarase a cantidade máxima de 1.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.480.02 para os seguintes premios:

1º premio: 600 €

2º premio: 300 €

3º premio: 100 €

4º premio (votación popular): regalo especial

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

Ata o 10 de decembro de 2021 ás 14:00h na oficina da Concellaría de Cultura do Concello de Arzúa.

En Arzúa, 8 de outubro de 2021.

O Alcalde

Asdo: José Luis García López